



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



ESCOLA
GALEGA
DO DEPORTE



FORMACIÓNS DO PERÍODO TRANSITORIO

Curso de Adestrador/a Deportivo/a

BLOQUE COMÚN
Nivel II

Xaneiro a Maio 2025

GUÍA DO ALUMNADO

ORGANIZA

Escola Galega do Deporte
Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

COLABORA

Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA)

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

PRESENTACIÓN

A Escola Galega do Deporte é un órgano pertencente á Secretaría Xeral para o Deporte que ten, entre outras funcións, a de promover e autorizar as ensinanzas deportivas no período transitorio que desenvolven as federacións deportivas galegas, conducentes á obtención do diploma de adestrador deportivo de Nivel I, II ou III dunha modalidade ou especialidade deportiva.

Así mesmo, a Escola Galega do Deporte é un centro público autorizado pola Consellería de Educación para impartir o bloque común destas formacións deportivas do período transitorio.

A primeira edición en liña do bloque común de nivel II desenvolveuse no curso 2022/23 (novembro a marzo). Esta segunda edición impartirase entre xaneiro e maio de 2025.

MÓDULOS DE CONTIDOS

Este bloque común de Nivel II está deseñado para que en 13 semanas o alumnado, coa axuda dun profesor/a-titor/a e utilizando a aula virtual da Escola Galega do Deporte, acade os coñecementos teórico-prácticos sobre os seguintes cinco módulos de contidos, cuxa carga horaria será de 160 horas (150 h. en liña e 10 h. presenciais obrigatorias):

Módulo	Unidades Didácticas
MED-C201: Bases da aprendizaxe deportiva (40 h. teóricas e 5 h. teórico-prácticas)	UD1: O deportista e a tecnificación deportiva. UD2: Aprendizaxe motora e perfeccionamento técnico-táctico. UD3: A dirección de adestramento. UD4: A programación do ensino deportivo. UD5: A xestión dos recursos humanos e a condución e tutela dos deportistas.
MED-C202: Bases do adestramento deportivo (55 h. teóricas e 10 h. prácticas)	UD1: Xeneralidades: movemento, estrutura e funcións no ser humano. UD2: A práctica de actividades físico-deportivas saudables. UD3: A condición motriz: capacidades condicionais e coordinativas. UD4: A teoría do proceso de adestramento. UD5: A mellora do rendemento deportivo.
MED-C203: Deporte adaptado e discapacidade (20 h. teóricas)	UD1: Deporte e discapacidade: orientacións básicas. UD2: Deporte e discapacidade: adaptacións e limitacións. UD3: O deporte adaptado. UD4: No mundo do deporte adaptado: orientación e asesoramento.
MED-C204: Organización e lexislación deportiva (20 h. teóricas)	UD1: A lexislación e institucións deportivas. UD2: A seguridade en instalacións e recursos deportivos. UD3: A preparación dos desprazamentos de competición. UD4: A dirección en competición. Organización de competicións deportivas. UD5: A constitución e dirección dun club deportivo.
MED-C205: Xénero e deporte (10 h. teóricas)	UD1: A realidade do deporte feminino. UD2: A promoción da incorporación da muller ao ámbito deportivo.. UD3: Apoio á incorporación da muller ao ámbito deportivo.

MATRÍCULA

Para matricularse, o alumnado deberá achegar a seguinte documentación á súa federación. Posteriormente será a federación quen deberá achegala á Escola Galega do Deporte con data límite o 10 de decembro de 2024:

- Solicitud de inscrición (inclúese ao final desta guía).
- Fotocopia do DNI.
- Diploma orixinal do curso de Nivel I oficial (diligenciado pola administración competente) da mesma modalidade ou especialidade deportiva.
- Orixinal da superación da proba de carácter específico (ou acreditar méritos deportivos ou estar recoñecido/a coma deportista de alto nivel ou alto rendemento).
- **Importante:** orixinal do pago da taxa sumando as cantidades, segundo corresponda de:

► TODOS OS ALUMNOS DEBERÁN PAGAR:

- Matrícula do bloque común nivel II: 45 €

TAXA 1: NO DOCUMENTO-MODELO DE PAGO CUBRIR COS SEGUINTE CÓDIGOS:

- Código da Consellería: **04** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Código da Delegación: **40** Pontevedra
- Código do Servizo: **06** Secretaría Xeral para o Deporte
- Código da Taxa: **353000** Ensinanzas Deportivas

- Servizos xerais: 13 €

TAXA 2: CUBRIR OUTRO DOCUMENTO-MODELO DE PAGO COS SEGUINTE CÓDIGOS:

- Código da Consellería: **07** Consellería de Educación
- Código da Delegación: **40** Pontevedra
- Código do Servizo: **03** Servizo de Ensino Medio
- Código da Taxa: **353000** Ensinanzas Deportivas

► OUTROS IMPORTES A MAIORES SÓ NOS SEGUINTE CASOS (incluír no doc de Servizos xerais):

- **Apertura de expediente: 22 €**, só no caso de matricularse por primeira vez nos cursos da Escola a través IES Sánchez Cantón.
- **Validación de módulos: 2 €** por módulo que se queira validar.

Estes importes incluíranse na TAXA 2, sumándose ao de Servizos xerais.

O pago das taxas pode facerse online a través da páxina da Oficina Virtual Tributaria - ATRIGA <https://ovt.atriga.gal/> ou de forma presencial segundo o modelo que se inclúe ao final desta guía.

SOLICITUDES DE VALIDACIÓN:

- **Á Escola Galega do Deporte:** No caso de ter superado o Nivel II oficial pola Escola Galega do Deporte, acreditarase mediante a presentación do diploma diligenciado de dita formación.
 - Solicitud de inscrición e validacións, segundo modelo achegado
 - Fotocopia DNI do alumno
 - Pago de taxas, segundo modelo achegado (2 € por cada módulo que se vaia a validar).
 - Xustificar a titulación coa que se quere validar (por exemplo, titulación de técnico superior de ensinanza e animación sociodeportiva...)
- **Ao “Consejo Superior de Deportes (CSD)”:** no caso dos graduados en CCAFD, a validación debe solicitarse ao CSD na seguinte ligazón (aportar dito certificado co resto de documentación): <https://sede.csd.gob.es/oficinavirtual/FichaTramite.aspx?idProcedimiento=104&botonSeleccionado=2>

METODOLOXÍA

A metodoloxía de ensinanza será en liña, salvo a formación de 10 horas de bases do adestramento deportivo que será presencial un sábado en función do grupo asignado. Haberá 5 horas do módulo de bases da aprendizaxe deportiva que se desenvolverán de forma teórico-práctica.

O alumnado terá unha chave de acceso para acceder a aula virtual do curso: <http://www.edu.xunta.gal/centros/escolagalegadedeporte/aulavirtual2/>

A formación estará impartida e titorizada por dous profesores autorizados pola Consellería de Educación.

Faranse grupos de entre 25 e 30 alumnos/as para o desenvolvemento da docencia tanto teórica como práctica.

SESIÓNS FORMATIVAS EN LIÑA

O alumno terá que seguir os contidos de forma semanal tal como se especifica no cronograma.

Haberá unha guía de cada un dos módulos que estará a disposición do alumnado e seguirá a temporalización do cronograma. Os profesores estarán a disposición do alumnado unha hora ao día para atender as dúbidas e consultas.

SESIÓNS PRÁCTICAS PRESENCIAIS

As sesións presenciais desenvolveranse no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra (CGTD): Rúa Pai Fernando Olmedo, 1. 36002 Pontevedra.

Cada alumno/a deberá asistir obrigatoriamente ás 10 horas presenciais prácticas de bases do adestramento deportivo un sábado (a determinar) en horario de mañá e tarde (09:00 a 14:00 h. e 16:00 a 21:00 h.).

CRONOGRAMA DO BLOQUE COMÚN

Semana	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
Datas Módulos	13-19 xan.	20-26 xan.	27-02 febr.	03-09 febr.	10-16 febr.	17-23 febr.	24-02 marzo	03-09 marzo	10-16 marzo	17-23 marzo	24-30 marzo	31-06 abril	07-13 abril
Bases da aprendizaxe	45 h. (40 h. en liña e 5 h. de traballo teórico-práctico en liña)												
Bases do adestramento				65 h. (55 h. en liña e 10 h. prácticas presenciais)									
D.A. e discapacidade								20 h. en liña					
Organización e lexislación										20 h. en liña			
Xénero e deporte												10 h. en liña	
Repaso													Repaso
Exame ord.													Exame ordinario: Sábado 19 de abril de 2025 (Presencial)
Repaso													Semana do 19 de maio de 2025 (en liña)
Exame extr.													Exame extraordinario: Sábado 24 de maio de 2025 (Presencial)

AVALIACIÓN

Para superar o Bloque Común haberá que asistir ás 10 horas presenciais do módulo Bases do Adestramento Deportivo, entregar e resultar apto nas tarefas do módulo Bases da Aprendizaxe e superar un exame escrito presencial sobre os contidos dos 5 módulos, cunha duración de 2,5 horas, e que se realizará no CGTD nas seguintes datas:

- **Convocatoria ordinaria:** sábado 19 de abril de 2025 (hora por determinar).
- **Convocatoria extraordinaria:** sábado 24 de maio de 2025 (hora por determinar).

■ OUTRA INFORMACIÓN

Profesorado autorizado pola Consellería Educación para impartir o Bloque Común Nivel II:

- César Pazos Sampedro. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte pola Universidade de Vigo.
- J. Benito Pastoriza Agulla. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte pola Universidade de Vigo.

Entidade colaboradora:

- Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA).

Centro ao que a Escola Galega do Deporte está adscrita a efectos administrativos e académicos:

- IES Sánchez Cantón de Pontevedra

Dúbdidas para temas administrativos e desenvolvemento do curso:

- Enderezo electrónico: escolagalegadodeporte@xunta.gal
- Telf.: 881 996367 (Mónica Carballo), 881 996619 (Juan Carlos Argüello), 881 996365 (Jorge Veiga).

Normativa de referencia:

- REAL DECRETO 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.
- Orde ECD/158/2014, do 5 de febreiro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva, aos que se refire a disposición transitoria primeira do Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro.
- ORDE do 18 de xullo de 2017 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro público Escola Galega do Deporte, de Pontevedra, para impartir o bloque común das actividades de formación deportiva.
- ORDE do 21 de febreiro de 2018 pola que se autoriza o bloque común das actividades de formación deportiva, na modalidade a distancia, no centro público Escola Galega do Deporte, de Pontevedra.
- Orden EFP/892/2023, de 26 de julio, por la que se establecen convalidaciones entre módulos del bloque común de las enseñanzas deportivas y determinados títulos oficiales relacionados con la actividad física y el deporte y se regula el procedimiento para la resolución individualizada de convalidaciones.
- Corrección de erratas de la Orden EFP/892/2023, de 26 de julio, por la que se establecen convalidaciones entre módulos del bloque común de las enseñanzas deportivas y determinados títulos oficiales relacionados con la actividad física y el deporte y se regula el procedimiento para la resolución individualizada de convalidaciones.

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN BLOQUE COMÚN NIVEL II

DATOS PERSOAIS

Nome	
Apelidos	
DNI	
Data de nacemento	
Concello nacemento	
Domicilio actual (rúa, CP, concello....)	
Teléfono	
E-mail	
Federación	
Especialidade	
Estudos xerais rematados	

SOLICITA

<input type="checkbox"/>	Inscripción completa no bloque común
<input type="checkbox"/>	Validación completa do bloque común (achego resolución do CSD de validación de módulos, diploma oficial de Nivel II dilixenciado pola Escola Galega do Deporte ou doutra autonomía)
<input type="checkbox"/>	Inscripción só nos seguintes módulos (achego resolución do CSD de validación dos outros módulos)
<input type="checkbox"/>	Bases da aprendizaxe dep.
<input type="checkbox"/>	Bases do adestramento deportivo
<input type="checkbox"/>	Dep. adaptado e discapacidade
<input type="checkbox"/>	Organización e lexislación dep.
<input type="checkbox"/>	Xénero e deporte

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Consulta de títulos non universitarios oficiais	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

<input type="checkbox"/>	Fotocopia do DNI
<input type="checkbox"/>	Diploma orixinal de Nivel I oficial (dilixenciado pola administración competente) da mesma modalidade ou especialidade deportiva
<input type="checkbox"/>	Certificado orixinal da superación da proba de acceso específica ou equivalente
<input type="checkbox"/>	Orixinal do pago de taxas
<input type="checkbox"/>	Resolución orixinal do CSD de validación de módulos ou diploma do Nivel II pola Escola Galega do Deporte

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPDP e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data	Sinatura

INSTRUCCIÓN PARA O PAGO DA TAXA

O pago pode facerse de forma presencial nunha oficina bancaria ou de forma telemática.

Para pagar de forma telemática:

- 1º) Ir a: <https://ovt.atriga.gal#!/categoria/?Cidade%3%a1ns/11609730/4127328>
- 2º) En “Pago de taxas e prezos” premer en “Iniciar taxa” e logo de novo “Iniciar taxa”.
- 3º) Cubrir un formulario para cada taxa (matrícula + servizos xerais), cos correspondentes códigos.
- 4º) Cubrir os datos persoais e facer o pago.
- 5º) Imprimir os xustificantes.

Para pagar de forma presencial nunha oficina bancaria:

- 1º) Ir a: <https://ovt.atriga.gal#!/categoria/?Cidade%3%a1ns/11609730/4127328>
- 2º) En “Pago de taxas e prezos” premer en “Iniciar Taxa” e logo en “Descargar modelo”
- 3º) Gardar e cubrir os tres exemplares para cada taxa (matrícula + servizos xerais), cos correspondentes códigos..
- 4º) Facer o pago nunha oficina bancaria levando os seis exemplares.

Que importe indicar?

PARA TODOS:

- o TAXA 1: **45 €** en concepto de Matrícula do bloque común Nivel II.
- o TAXA 2: **13 €** en concepto de Servizos Xerais.

A MAIORES, SI ESTÁS NALGÚN DESTES CASOS:

- Si queres validar algún módulo, engade **2 €** por módulo a validar na 2ª TAXA.
- Si esta é primeira vez que te matriculas nestes cursos en liña do bloque común da Escola G.D., debes engadir **22 €** en concepto de “Apertura de expediente” na 2ª TAXA.

CÓDIGOS A INDICAR NAS DÚAS TAXAS A PAGAR

Matrícula do bloque común Nivel II: 45 €	Servizos xerais: 13 € (+ resto casos de ser necesario)
Código da Consellería: 04 Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	Código da Consellería: 07 Consellería de Educación
Código da Delegación: 40 Pontevedra	Código da Delegación: 40 Pontevedra
Código do Servizo: 06 Secretaría Xeral para o Deporte	Código do Servizo: 03 Servizo de Ensino Medio
Código da Taxa: 353000 Ensinanzas Deportivas	Código da Taxa: 353000 Ensinanzas Deportivas

Exemplo de pago de taxa:

Nas seguinte páxina, recóllese a modo de exemplo, as tres páxinas para o caso do pago presencial en oficina bancaria, da matrícula e dos servizos xerais (de cada taxa haberá un exemplar para a oficina bancaria, un para administración e outro para o interesado); o alumno deberá entregarlle á federación os exemplares para a administración (xunto co resto de documentación).

Na última páxina recóllese un exemplo de exemplar para a administración que o alumno deberá imprimir e entregar á federación (xunto co resto de documentación), no caso de pago telemático.

En ambos casos está cuberto cos códigos requiridos e co importe correspondente ao caso de pago só de matrícula (45 € + 13 €), que supoñeremos será o importe da maioría dos casos.

No caso onde tamén se paguen contías a maiores por validacións, ou apertura de expediente, sumaranse na 2ª TAXA.